

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL  
EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA TRINTA DE NOVEMBRO DE DOUS MIL  
QUINCE: -----**

**PRESIDENTE:**

D. Gonzalo Gonzalo Pita

**CONCELLEIROS/AŚ:**

D<sup>a</sup> Vanessa Rodríguez Búa  
D. José Daniel Fernández Piñeiro  
D. Jesús Joaquín Sueiro Méndez  
D. David Otero Domínguez  
D<sup>a</sup> Sandra Fernández Agrasos  
D. Maximino González Miniño  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Coral González-Haba Pérez  
D. Roberto Carlos Agís Balboa  
D. Telmo Martín González  
D. Juan Antonio Deza Otero  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Paz Lago Martínez  
D. Rafael Domínguez Piñeiro  
D<sup>a</sup> María Deza Martínez  
D. Marcos Guisasola Padín  
D<sup>a</sup> Silvia Freire Fernández  
D. Alfonso Rea Pérez

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta minutos do día trinta de novembro de dous mil quince, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. GONZALO GONZALO PITA, reuníronse os/as Sres/as. concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión ordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declarase aberta a sesión.

**NON ASISTE:**

D. José-Juan Vidal Vilanova (INTERVENTOR)

**SECRETARIO :**

D. Angel Luis López Pita.



## **ACTA ANTERIOR:**

**1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS REALIZADAS OS DÍAS 28 DE SETEMBRO E 16 DE NOVEMBRO DE 2015.** Polo Sr. Presidente pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación ás actas que se someten a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, **apróbanse por unanimidade as referenciadas actas.**--

## **A)PARTE DISPOSITIVA:**

**2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DAS FACULTADES DE INSPECCIÓN DA LIQUIDACIÓN DA TAXA DO 1,5% POLA UTILIZACIÓN DO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS, MUNICIPAIS, A PROL DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN QUE RESULTEN DE INTERESE XERAL, ASÍ COMO A EMISIÓN RECADACIÓN E REVISIÓN DA LIQUIDACIÓN DERIVADA DESTA.** O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da **Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio** do **26 de novembro de 2015** sobre esta proposta.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, manifestou que se detectaron conceptos non facturados, polo que é necesaria unha inspección, que se encomendaría ao ORAL, que xa a está a facer en varios concellos, onde comprobaron a existencia de importantes desfasamentos, xirando 162 liquidacións, cun nivel de eficacia de mais do 99 por cen, finalizando a súa intervención para dicir que se trataba de xerar ingresos, para o que sería necesario tamén actualizar taxas.

O **Sr. Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, logo de sinalar que votarían a favor da proposta, indicou que se trataba dunha facturación anual errónea por parte da empresa subministradora, co que o concello estaría enganado.

O **Sr. Otero Domínguez** explicou que este sector estaba diversificado, con varias empresas, non só unha e que, aínda que o anterior interveniente falou de engano, o certo é que se trataba de ter a seguridad de que o facturado era o correcto.

O **Sr. Martín González** precisou que as facturas deste tipo de servizos teñen diversos conceptos e había que comprobar se todos os datos eran correctos.

O **Sr. Otero Domínguez** aludiu a importancia de adoptar este acordo antes de final de ano para poder inspeccionar varias anualidades, engadindo que isto que se vai facer agora, non quere dicir que se puidese facer antes e non se fixo.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

**“PRIMEIRO: Declarar na Deputación Provincial de Pontevedra (ORAL), de acordo co disposto no artigo 7 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no artigo 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e no artigo 8 do R.D. 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o Regulamento Xeral de Recadación, as facultades de inspección da taxa pola**

**utilización do solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a prol de empresas expladoras de servizos de subministracións que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza** (tamén chamada taxa do 1,5%) así como a emisión, recadación e revisión da liquidación derivada desta .

**SEGUNDO:** Que ambas partes conveñen en cumplir coas funcións e obrigas de comunicación e colaboración descritas na normativa indicada, co obxecto de facilitar o exercicio das competencias delegadas na Deputación de Pontevedra. O Concello de Sanxenxo deberá prestar a colaboración necesaria, especialmente nos seguintes aspectos: a localización dos suxeitos pasivos, contribuíntes e obrigados ao pagamento ou debedores, certificando ou informando respecto da súa veciñanza ou non no termo municipal da posesión ou carenza de bens e do exercicio ou non de actividades; poñer a disposición dos Servizos Tributarios da Deputación os seus rexistros e bases de datos que conteñan información de interese tributario, respectando en todo caso a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e as normas que a desenvolven; e a exposición pública no taboleiro de anuncios do concello, e outros lugares de costume, dos editos que se diten no exercicio das competencias delegadas. A Deputación Provincial porá a disposición do Concello de Sanxenxo os medios necesarios para a subministración da colaboración e dará periodicamente conta dos resultados da xestión das competencias delegadas e da situación dos recursos xestionados.

**TERCEIRO:** Que a representación e defensa nos procesos xudiciais relacionados co exercicio das facultades delegadas correspónnelle aos letrados do ORAL-Deputación de Pontevedra asumindo o organismo provincial os gastos na súa totalidade por estes conceptos. Tamén serán asumidos polo ORAL-Deputación de Pontevedra os gastos polas condenas en costas agás que a condena en costas fose consecuencia de sentenza desfavorable que teña a súa orixe en trámites, accións ou omisións causadas polo Concello de Sanxenxo, suposto no que serán asumidos por esta institución.

**CUARTO:** Que a delegación sométese ás condicións establecidas nas Bases para prestación do servizo aprobadas polo pleno da Deputación Provincial de Pontevedra en data 20/07/92, na Ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos aprobada polo pleno da Deputación Provincial en data 31/10/14, na Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL) aprobada polo pleno da Deputación Provincial en data 22/02/13, e nas demais disposicións de pertinente aplicación ou, no seu caso, na normativa que, por imperativo legal ou por razóns organizativas, a substitúa.

**QUINTO:** Facúltase ao alcalde-presidente para que, en nome e representación do Concello de Sanxenxo, formalice o correspondente convenio coa Deputación Provincial de Pontevedra así como os demais documentos que procedan".-----

**3º PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA BASE Nº 42 DAS DE EXECUCIÓN DO PRESUPOSTO MUNICIPAL PRORROGADO PARA O ANO 2015.** O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 26 de novembro de 2015 sobre esta proposta.

O Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, sinalou que non estaban conformes coa proposta, non sabendo, porque non o explicaron, que problema había para

manter a porcentaxe actualmente existente do 100 por cen, que se rebaixa a un 50 por cen, o que pode poñer en risco ao concello.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, explicou que agora a lei concretaba as marxes e que a proposta se adapta a normativa, polo que era correcta e estaba fiscalizada positivamente, sen que se poida dicir que estas marxes son temerarios, porque sería como manifestar que o era a propia lei, engadindo que era posible cobrar parte das débedas e que o concello non arrisca con esta proposta.

O Sr. Guisasola Padín aludiu a que a lei fixa uns mínimos, que son os que agora se pretenden aplicar, lembrando que, sen esta norma, neste concello aplicábase o 100 por cen, preguntando a razón de non manter esta marxe e sinalando que están en contra da proposta, porque crían que se debía seguir como antes por prudencia.

O Sr. Otero Domínguez volveu dicir que neste momento permítense estas marxes e confiaban que o concello se poida manter dentro deles, lembrando tamén que gobernos anteriores fixeron orzamentos con remanentes de tesourería negativos, esperando resolver esta situación e poder aprobar uns presupostos como este concello merece.

O Sr. Alcalde precisou que con esta proposta non só cúmprese a lei, senón que beneficiará aos veciños ao poder gozar no futuro dun novo orzamento.

Ao non se producir mais intervencións, o Sr. Presidente someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 9 votos (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: 8 votos (Grupo Municipal do Partido Popular)**

**Votos pola Abstención: 0 votos**

En consecuencia o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

**“PRIMEIRO: aprobar a modificación da Base nº 42 das de Execución do Presuposto, pasando a conter o seguinte contido: “Se computarán como dereitos de difícil ou imposible recadación a partir de liquidación do exercicio 2015 do seguinte xeito:**

**A.- As porcentaxes mínimas establecidas no artigo 193 bis do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.**

**B.- Os importes ou porcentaxes adicionais que se establezan pola Intervención Xeral do Concello de Sanxenxo, serán previo informe motivado que deberá acompañar á Liquidación do Orzamento municipal, dando conta do mesmo perante o Pleno da Corporación.**

A mencionada modificación deberá suxeitarse aos mesmos trámites que os previstos para a aprobación dos presupostos nos artigos 168, 169, 170 e 171 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

**SEGUNDO: proceder a exposición pública da modificación de dita base aprobada polo pleno, polo prazo de quince días hábiles, mediante anuncio que se inserirá no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, a efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado no caso de que estas non se presentaran”.**

**4º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ALTERNATIVAS RESPETO A SOCIEDADE MERCANTIL DEPENDENTE E MIXTA “TURISMO DE SANXENXO S.L.”.** O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 26 de novembro de 2015 sobre esta proposta.

O Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, indicou en primeiro lugar que no goberno do Partido Popular constituíse esta empresa e que na comisión informativa votaron a favor desta solución para salvala, non parecéndolle lóxico por outra parte, que se solicite informe ao secretario, logo ao interventor e finalmente outro á asesoría laboral, considerando que isto reflectía falta de xestión, finalizando a súa intervención para preguntar se había un informe contraditorio.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, destacou as dúbihdas que tiña o Partido Popular e que ata agora non expresou e explicou que a sociedade está nunha inminente posibilidade de disolución e o goberno está a buscar fórmulas legais para que poida pervivir, engadindo que o secretario dixo que quería emitir un informe e despois realizou outro o interventor, respectando o goberno todos eles. Finalmente o interveniente preguntou á oposición en que cuestión lle entraron dúbihdas, cando ata agora estaban de acordo.

O Sr. Guisasola Padín sinalou que estaban de acordo en salvar á empresa, que o 31 de decembro estaría en causa de disolución, pero puntualizou que no informe do secretario había unha parte referente a incompetencia deste órgano para tomar este acordo, dando lectura a mesma e indicando que, aínda que houbo unha fiscalización a posteriori, seguían tendo dúbihdas respecto diso.

O Sr. Otero Domínguez puntualizou que eles non tiñan ningunha dúbida, lembrando que, desde febreiro de 2014, sabíase que a sociedade estaba en causa de disolución e non se quixo fazer críticas para evitar a guerra política. O concelleiro en uso da palabra explicou que se buscou un mecanismo legal mediante a redución e o aumento de capital social para que a sociedade fose integralmente municipal e puidese salvase e engadiu que se trouxo este asunto a pleno para saber a postura de todos os grupos, posto que é un acordo que no seu momento requirirá unanimidade para evitar a disolución fulminante da sociedade.

O Sr. Guisasola Padín precisou que votaron a favor na comisión informativa, que o informe o recibiron o día 27 e que na Xunta Xeral da sociedade apoiaran esta proposta.

O Sr. Alcalde recalcou que, aínda que non tiñan necesidade de traer este asunto a pleno, xa que o órgano competente era a Xunta Xeral da sociedade, dado que o concello é o socio maioritario era importante saber como se situaban os distintos grupos políticos. O interveniente explicou que despois da comisión, houbo dúbihdas polo secretario e por iso pedíuselle o informe e,

posteriormente, houbo unha fiscalización favorable de intervención e un informe no mesmo sentido da asesoría, apelando finalmente a responsabilidade de todos para evitar a disolución da sociedade, pedindo o voto a favor da proposta.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 9 votos (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: 0 votos**

**Votos pola Abstención: 8 votos (Grupo Municipal do Partido Popular) votos**

En consecuencia o **Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de derecho, adoptou o seguinte acordo:**

**“UNICO: que se acorde a redución e aumento simultáneo do capital social** (operación acordeón) **por compensación de créditos** de acordo ao disposto nos artigos 343, 344 e 345 da Lei de capitais de sociedades e elo é motivado en que a sociedade é debedora, no momento actual, **como figura no seu pasivo á entidade local por un préstamo concedido para a encomenda da xestión da Casa de Don Fernando na Vila de Portonovo, como resulta desta operación quedaría como único accionista da sociedade o Concello de Sanxenxo por enriba do mínimo do capital social esixido pola lei”.**

#### **B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:**

**5º POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DO 15/10/15 (R.E. 10.755) MEDIANTE O QUE SE COMUNICA A REMISIÓN AO PORTAL DE RENDICIÓN DE CONTAS DO TRIBUNAL DE CONTAS E DO CONSELLO DE CONTAS A INFORMACIÓN RELATIVA A ACORDOS CONTRARIOS AOS REPAROS FORMULADOS POLA INTERVENCIÓN, RECOÑECIMENTOS EXTRAXUDICIAIS E ANOMALÍAS DETECTADAS EN MATERIA DE INGRESOS.** O **Sr. Secretario** indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do **Sr. Interventor** de data 15 de outubro de 2015, rexistrado de entrada co número 10.755, que a continuación se transcribe literalmente:

“Con data 15.10.15 remitiuse ao portal de rendición de contas do Tribunal de cuentas e do Consello de contas a información relativa a acordos contrarios ao reparos formulados pola intervención, reconecementos extraxudiciais e anomalías detectadas en materia de ingresos. Sanxenxo, 15 de outubro de 2015.”

Adxunto a este escrito figuran 4 folios co selo do concello e numerados do 1 ao 4.

**A Corporación deuse por enterada.**

**6º POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DO 15/10/15 (R.E. 10.756) MEDIANTE O QUE SE COMUNICA A REMISIÓN AO PORTAL DE RENDICIÓN DE CONTAS DO TRIBUNAL DE CONTAS E**

**DO CONSELLO DE CONTAS A INFORMACIÓN RELATIVA Á CONTA XERAL DO ANO 2014.** O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor de data 15 de outubro de 2015, rexistrado de entrada co número 10.756, que a continuación se transcribe literalmente:

“Con data 14.10.15 remitiuse ao portal de rendición de contas do Tribunal de cuentas e do Consello de contas a información relativa á conta xeral do ano 2014.”

Adxunto a este escrito figura 1 folio, numerado e co selo do concello.

**A Corporación deuse por enterada.**-----

**7º POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DO 19/10/15 (R.E. 10.894) MEDIANTE O QUE SE COMUNICA A REMISIÓN AO CONSELLO DE CONTAS DE INFORMACIÓN RELATIVA AOS INFORMES SOBRE O SEGUIMENTO DO PLAN DE AXUSTE EN VIGOR, CON REFERENCIA AO CUARTO TRIMESTRE DOS ANOS 2012, 2013 E 2014.** O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor de data 19 de outubro de 2015, rexistrado de entrada co número 10.894, que a continuación se transcribe literalmente:

“Con data 15.10.15, remitiuse, vía correo electrónico, ao Consello de contas, información relativa aos informes sobre o seguimento do plan de axuste en vigor, con referencia ao cuarto trimestre dos anos 2012, 2013 e 2014.”

Adxunto a este escrito figura 1 folio, numerado e co selo do concello.

**A Corporación deuse por enterada.**-----

**8º POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 27/10/15 (R. DE ENTRADA 11.246) MEDIANTE O QUE SE COMUNICA QUE CON ESA DATA SE REMITIU AO MINISTERIO DE FACENDA O INFORME CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2015 DE SEGUIMENTO DO PLAN DE AXUSTE.** O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor, de data 27 de outubro de 2015, rexistrado de entrada co número 11.246, que a continuación se transcribe literalmente:

“Téndose emitido informe previo, preceptivo e de obriga legal por esta intervención sobre seguimento do plan de axuste efectuado por este Concello, para acollerse ao mecanismo de pago a provedores por importe de 5.059.306,98 euros, e tendo en conta o disposto no artigo 10 do R.D.L. 7/2012 de 9 de marzo, resulta que:

1.A orden HAP/2105/2010 de 2 de outubro, no seu artigo 2, outorga ao órgano interventor a facultade exclusiva de emitir informes e remitilos aos organismos correspondentes do Estado, dos referidos na normativa de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

2.Esta mesma orde, no seu artigo 10, establece a obrigar de remitir, antes do día 15 de cada trimestre, información sobre o seguimento e nivel de cumprimento do plan de axuste

3.O xa mencionado artigo 10 do R.D.L. 7/2012 establece que, dos informes do interventor, darase conta ao Pleno da Corporación.

En consecuencia:

Téndose efectuado a obriga mencionada e tendo sido remitido o informe correspondente ao terceiro trimestre de 2015, polo sistema informático ou telemático establecido no Ministerio o día 27.10.15, élévese o mesmo ao Pleno da Corporación aos efectos legais previdos na normativa anteriormente citada. Sanxenxo, 27 de outubro de 2015."

Adxunto a este escrito figuran 11 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 11, tendo os números 7 e 8 volta.

**A Corporación deuse por enterada.**-----

**9º POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 27/10/15 (R. DE ENTRADA 11.247) REMITINDO COPIA DO XUSTIFICANTE DO ENVÍO TELEMÁTICO CORRESPONDENTE Á LIQUIDACIÓN DO ANO 2014, CON TODOS OS DOCUMENTOS ANEXOS, RELATIVO ÁS SOCIEDDES MERCANTÍS “NAUTA SANXENXO, S.L.”, “INSULA SANXENXO, EMPRESA MUNICIPAL DA VIVENDA E SOLO, S.L.” E “TURISMO DE SANXENXO, S.L. O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor, de 27 de outubro de 2015, rexistrado de entrada co número 11.247, que a continuación se transcribe literalmente:**

“De acordo ao disposto na orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, sobre a obriga de subministro de información, en desenvolvemento da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, remítolle copia do xustificante do envío telemático correspondente á liquidación do ano 2014, con todos os documentos anexos, relativo ás sociedades mercantís Nauta Sanxenxo, S.L., Ínsula Sanxenxo, SL. e Turismo de Sanxenxo, S.L. para a súa elevación perante o Pleno da Corporación. Sanxenxo, 27 de outubro de 2015.”

Adxunto a este escrito figuran 47 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 47, tendo os números 11, 27 e 43 volta.

**A Corporación deuse por enterada.**-----

**10º POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 27/10/15 (R. DE ENTRADA 11.248) ACHEGANDO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2015. O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor, de data 27 de outubro de 2015, rexistro de entrada número 11.248, que a continuación se transcribe literalmente:**

“De acordo ao disposto no artigo 4.3 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, publicada no B.O.E. o día 6 de xullo, achégolle a V.I. informe sobre o cumprimento dos prazos de pagamento, correspondente ao 3º trimestre de 2015, previstos nesta Lei, coa finalidade de que, por mandato legal e de acordo ao disposto no parágrafo 4, se o estima conveniente e no mesmo xeito que os efectuados nos períodos de dación anteriores, se remita ao Pleno da Corporación.

Os informes que se achegan son os relativos a cada un dos entes separados que integran o Concello de Sanxenxo. En especial remítome ao resumo dos períodos medios de pago e, en definitiva, aos pagos realizados no trimestre que constan no expediente.

Lémbrase a obriga de avanzar cara o cumprimento dos termos legais do novo marco normativo contido no artigo 216 do R.D. lexislativo 3/2011 de 14 de novembro sobre prazo de pago (30 días) e devengo de xuros de demora.

A comparativa dos períodos medios de pagos (PMP) e dos períodos medios de pendente de pago (PMPP) entre o 2º trimestre de 2015 e o 3º trimestre de 2015 é a seguinte

2º trim 15	Concello	Terra	Nauta	Ínsula	Turismo
PMP	24,41	24,44	23,71	1,00	662,52
PMPP	28,88	26,96	8,36	0,00	0,00

3º trim 15	Concello	Terra	Nauta	Ínsula	Turismo
PMP	19,78	31,00	11,24	1,00	8,75
PMPP	18,82	7,61	27,98	9,77	30,00

Asemade débese de dar cumprimento ao disposto na Lei 3/2004, modificada polo Real decreto lei 3/2013, en relación ao disposto no artigo 216 do R.D.L. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, normas que, literalmente, din:

“La Ley 3/2004, de 29 de diciembre, fue a su vez modificada por el artículo 33.4 del Real Decreto Ley nº 4/2013, de 22 de febrero, de medidas de apoyo al emprendedor y de estímulo del crecimiento y de la creación de empleo; que literalmente establece:

**Artículo 8. Indemnización por costes de cobro:** “1. Cuando el deudor incurra en mora, el acreedor tendrá derecho a cobrar del deudor una cantidad fija de 40 euros, que se añadirá en todo caso y sin necesidad de petición expresa a la deuda principal.

Además, el acreedor tendrá derecho a reclamar al deudor una indemnización por todos los costes de cobro debidamente acreditados que haya sufrido a causa de la mora de éste y que superen la cantidad indicada en el párrafo anterior.

2. El deudor no estará obligado a pagar la indemnización establecida en el apartado anterior cuando no sea responsable del retraso en el pago”.

“Artículo 216. Pago del precio: “1. El contratista tendrá derecho al abono de la prestación realizada en los términos establecidos en esta Ley y en el contrato, con arreglo al precio convenido.

2. El pago del precio podrá hacerse de manera total o parcial, mediante abonos a cuenta o, en el caso de contratos de trato sucesivo, mediante pago en cada uno de los vencimientos que se hubiesen estipulado.

3. El contratista tendrá también derecho a percibir abonos a cuenta por el importe de las operaciones preparatorias de la ejecución del contrato y que estén comprendidas en el objeto del mismo, en las condiciones señaladas en los respectivos pliegos, debiéndose asegurar los referidos pagos mediante la prestación de garantía.

4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora **y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales**. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de presentación de la factura en el registro correspondiente, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono.

5. Si la demora en el pago fuese superior a cuatro meses, el contratista podrá proceder, en su caso, a la suspensión del cumplimiento del contrato, debiendo comunicar a la Administración, con un mes de antelación, tal circunstancia, a efectos del reconocimiento de los derechos que puedan derivarse de dicha suspensión, en los términos establecidos en esta Ley.

6. Si la demora de la Administración fuese superior a ocho meses, el contratista tendrá derecho, asimismo, a resolver el contrato y al resarcimiento de los perjuicios que como consecuencia de ello se le originen.

7. Sin perjuicio de lo establecido en las normas tributarias y de la Seguridad Social, los abonos a cuenta que procedan por la ejecución del contrato, solo podrán ser embargados en los siguientes supuestos:

a) Para el pago de los salarios devengados por el personal del contratista en la ejecución del contrato y de las cuotas sociales derivadas de los mismos.

b) Para el pago de las obligaciones contraídas por el contratista con los subcontratistas y suministradores referido a la ejecución del contrato.

8. Las Comunidades Autónomas podrán reducir los plazos de treinta días, cuatro meses y ocho meses establecidos en los apartados 4, 5 y 6 de este artículo”.

Tense comprobado que se ten instaurado o cumprimento efectivo destes preceptos, o que foi sinalado e advertido por esta Intervención dende a entrada en vigor das normas xurídicas de referencia.Sanxenxo, 27 de outubro de 2015.”

Adxunto a este escrito figuran 20 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 20, tendo os números 11,12,13,14 e 15 volta, transcribindose a continuación os correspondentes aos folios 16 ao 20, ambos incluídos e que conteñen o INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010, do Concello de Sanxenxo, O.A.Terra de Sanxenxo, Nauta Sanxenxo S.L., Insula Sanxenxo S.L. e Turismo Sanxenxo S.L. :

### **“CONCELLO DE SANXENXO:**

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	3	AÑO	2015
CONCELLO			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago	Fuera período legal pago		
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Art. 20	12,09		6,00	226.103,77		
Art. 21	22,65		89,00	66.342,21	21,00	17.002,14
Art. 22	21,89		256,00	696.456,28	434,00	189.510,16
Art. 23	18,00		1,00	225,00		

Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	15,70		8,00	88.627,43	1,00	1.241,22
				<b>1.077.754,69</b>		<b>207.753,52</b>
Nº pagos	Importe	<b>Intereses demora pagados en el período</b>				
Gastos corrientes	12	509,13				
Inversiones	1	41,10				
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		<b>550,23</b>				<b>0,00</b>
CONCELLO		<b>Pendiente de pago</b>				
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Art. 20						
Art. 21	13,04		5,00	3.780,02		
Art. 22	18,94		56,00	171.759,00	2,00	10.490,97
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6						
				<b>175.539,02</b>		<b>10.490,97</b>
CONCELLO		<b>Pendiente de reconocimiento</b>				
	Período medio operaciones pendiente reconocimiento PMOPR		Nº operaciones	Importe total		
Cap. 2						
Cap. 6						
				<b>0,00</b>		

**O.A. “TERRA DE SANXENXO”:**

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	3	AÑO	2015
TERRA			<b>Pagos realizados en el trimestre</b>			
			<b>Dentro período legal pago</b>		<b>Fuera período legal pago</b>	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Art. 20	26,77		10,00	178.009,96	4,00	42.793,00
Art. 21	37,35				21,00	9.943,47
Art. 22	38,75		69,00	46.525,82	122,00	107.436,54
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	12,03		2,00	13.636,70	3,00	3.483,75
				<b>238.172,48</b>		<b>163.656,76</b>
	Nº pagos	Importe	<b>Intereses demora pagados en el período</b>			
Gastos corrientes	25	1.103,15				
Inversiones	1	43,61				
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		<b>1.146,76</b>				<b>0,00</b>
TERRA			<b>Pendiente de pago</b>			
			<b>Dentro período legal pago</b>		<b>Fuera período legal pago</b>	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Art. 20	7,00		3,00	72.334,03		
Art. 21						
Art. 22	8,55		3,00	45.284,96	1,00	1.452,00
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6						
				<b>117.618,99</b>		<b>1.452,00</b>
TERRA			<b>Pendiente de reconocimiento</b>			

	Período medio operaciones pendiente reconocimiento PMOPR		Nº operaciones	Importe total		
Cap. 2						
Cap. 6						
				<b>0,00</b>		

**“NAUTA SANXENXO, S.L.”**

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010		TRIMESTRE	3	AÑO	2015
NAUTA		<b>Pagos realizados en el trimestre</b>			
		Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos
Aprovisionamientos (6)	11,14		120,00	421.050,80	27,00
Inmovilizado (2)	29,00		1,00	2.450,25	
Sin desagregar					
Total				<b>423.501,05</b>	
	Nº pagos	Importe	<b>Intereses demora pagados en el período</b>		
Gastos corrientes					
Inversiones					
Op. Comerciales					
Sin desagregar					
		<b>0,00</b>			<b>0,00</b>
NAUTA			<b>Pendiente de pago</b>		
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones
Aprovisionamientos (6)	27,98		33,00	30.272,22	1,00
Inmovilizado (2)					
Sin desagregar					
Total				<b>30.272,22</b>	

**“INSULA SANXENXO, EMPRESA MUNICIPAL DA VIVENDA E SOLO, S.L.”:**

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	3	AÑO	2015
INSULA			<b>Pagos realizados en el trimestre</b>			
			Dentro período legal pago			
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	1,00		1,00	80,67		
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				80,67		0,00
	<b>Nº pagos</b>	<b>Importe</b>	<b>Intereses demora pagados en el período</b>			
Gastos corrientes						
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		0,00				0,00
INSULA			<b>Pendiente de pago</b>			
			Dentro período legal pago			
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)	9,77		4,00	1.977,01		
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				1.977,01		0,00

**“TURISMO SANXENXO, S.L.”:**

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	3	AÑO	2015
TURISMO			<b>Pagos realizados en el trimestre</b>			
			Dentro período legal pago			
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	8,75		3,00	471,90	1,00	157,30

Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				471,90		157,30
	Nº pagos	Importe	<b>Intereses demora pagados en el período</b>			
Gastos corrientes	0	0,00				
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		0,00				0,00
TURISMO			<b>Pendiente de pago</b>			
			Dentro período legal pago	Fuera período legal pago		
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)	30,00		1,00	424,46		
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				424,46		0,00

A Corporación deuse por enterada.

**11º POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DO 27/10/15 (R.E. 11.249) POLO QUE SE INDICABA QUE CON ESA DATA COMUNICOUSE AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS O CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEORES.** O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor de 27 de outubro de 2015, rexistrado de entrada co número 11.249 que a continuación se transcribe literalmente:

"De conformidade co artigo 4.1.b) da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información, previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, e de conformidade co establecido na disposición transitoria única do Real decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das administracións públicas, con data 27.10.15, procedeuse a comunicar ao Ministerio de facenda e administracións públicas dito cálculo, cuxo xustificante se achega.

Lémbrase a obriga de publicar na páxina web do Concello o período medio de pago a provedores, segundo o artigo 6 do Real decreto 635/2014 (como mínimo trimestralmente).

Recórdase que no caso de incumprimento no sucesivo do período medio de pago iniciarase o procedemento establecido en dita norma xurídica, para que sexa o Estado quen asuma as funcións da tesourería local, procedendo á retención na participación de tributos do Estado.

O incumprimento das obrigas referidas no Real decreto 635/2014 (cálculo, subministro de información ao ministerio e publicación) poderá implicar unha infracción moi grave en materia económico-financeira, regulamentada no artigo 28 da Lei 19/2013 de Bo goberno e transparencia, lembrando que a imposición

da sanción, segundo o disposto no artigo 30 da mesma lei, poderá implicar, no seu caso, a inhabilitación para o exercicio de cargos ou funcións públicas, sen prexuízo das responsabilidades penais eventuais.Sanxenxo, 27 de outubro de 2015.”

Adxunto a este escrito figuran 4 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 4.

**A Corporación deuse por enterada.**-----

**12º POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 27/10/15 (R. DE ENTRADA 11.250) ACHEGANDO INFORME SOBRE EXECUCIÓN TRIMESTRAL DOS ORZAMENTOS SEPARADOS RELATIVOS AO 3º TRIMESTRE DE 2015.** O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do **Sr. Interventor**, de 27 de outubro de 2015, rexistrado de entrada co número 11.250, que a continuación se transcribe literalmente:

“Achégase informe sobre execución trimestral dos orzamentos separados relativos ao terceiro trimestre de 2015, coa finalidade de cumplimentar o derecho e deber de subministro de información ao que se refire a Orde ministerial HAP/2105/2012 de 1 de outubro e a Orde ministerial EHA/4041/2004 de 23 de novembro.Sanxenxo, 27 de outubro de 2015.”

Adxunto a este escrito figuran 67 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 67, tendo os números 29,30,32,34,35,37,38,39,43,44,45,51,52,54,56,57,59,60,61,63,64 e 65 volta.

**A Corporación deuse por enterada.**-----

**13º POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 31 DE AGOSTO AO 30 DE OUTUBRO DE 2015 (DE RES. N° 1308/15 Á N° 1632/15).**O Sr. Presidente expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as **Resoluciós da Alcaldía ditadas dende o 31 de agosto ao 30 de outubro de 2015**, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta se se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

**A Corporación deuse por enterada.**-----

## **MOCIÓN:**

**1º MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVO A HABILITAR UNHA ZONA DE APARCAMENTO NA VILA DE PORTONOV (R. DE ENTRADA NÚMERO 12.237 DO 25/11/15).** O Sr. Martín González, voceiro do **Grupo Municipal do Partido Popular**, expuxo os principais puntos da moción que a continuación se transcribe literalmente:

“O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DO CONCELLO DE SANXENXO, conforme ó previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, deseja elevar ao Pleno do Concello a seguinte

## **MOCIÓN SOBRE HABILITAR APARCAMENTO NA VILA DE PORTONOVO**

O concello de Sanxenxo é un dos municipios de España que máis visitantes recibe, chegando a multiplicarse a súa poboación ata por cinco na época estival. Pese os esforzos realizados durante sobre todo o último quindenio de dotar de infraestruturas o noso Concello, de todos é sabido que unha das sinaturas pendentes é a de prover de máis aparcamentos, entre outras, a vila de Portonovo.

A longo prazo, Portonovo necesita unha solución definitiva que, como propuxemos na campaña electoral, pasa pola creación dun parking de 300 prazas entre o murallón do porto pesqueiro e a avenida de Pontevedra, que ademais permitiría crear unha gran praza pública de 8.000 m<sup>2</sup>.

Pero, a corto prazo, e cun custe económico moi baixo, é posible habilitar novas zonas de aparcamento no casco central de Portonovo.

Para elo propoñemos, por un lado, habilitar solo de propiedade municipal que está en desuso e, por outro, chegar a acordos con propietarios de solares baleiros. Estes últimos, a cambio de compensacións (como puidera ser exencións no IBI, por exemplo), poderían ceder a utilización das súas fincas como aparcamentos.

### **Solares de propiedade municipal: 189 prazas**

1. Rúa Padre Sarmiento 180 m<sup>2</sup>: capacidade aproximada 9 coches.
2. No PEI 2 e 3, entre a avenida dos Loureiros e Canelas, hai un terreo municipal duns 4000 m<sup>2</sup> cunha capacidade de 180 vehículos. Polas súas características poderían incluso habilitarse dúas plantas. Este solar está a pouco máis de 100 metros da praza do Enxido, no centro da vila.

Neste terreo hai un antigo depósito de auga que propoñemos que se derribe para aumentar a capacidade de estacionamento e porque é unha vella demanda dos veciños de Portonovo.

### **Solares de particulares: 75 prazas**

3. Rúa Bella Vista, fronte a capela de San Roque, 90 m<sup>2</sup>: capacidade aproximada para 5 coches.
4. Rúa San Roque, 450 m<sup>2</sup>: capacidade aproximada 22 coches.
5. Rúa Victoria, 300 m<sup>2</sup>: capacidade aproximada 15 coches.
6. Rúa Santa Catalina, 250 m<sup>2</sup>: capacidade aproximada 12 coches.
7. Rúa Areal con Rúa Unión, 80 m<sup>2</sup>: capacidade aproximada 4 coches.
8. Rúa As Flores, 100 m<sup>2</sup> capacidade aproximada 5 coches.
9. Rúa Ourense con Rúa Perla, 250 m<sup>2</sup>: capacidade aproximada 12 coches.

(Axúntanse fotos de localización dos solares municipais e particulares)

Fora do casco central de Portonovo, tamén hai posibilidades de habilitar novos aparcamentos:

10. Entre a estrada de A Lanzada e Barbeito hai varios solares baleiros cuxos propietarios poderían estar interesados en chegar a acordos co Concello. É unha zona moi necesitada de aparcamento pola súa proximidade ao mercado, bancos e numerosos comercios.

Por último, propoñemos unha reordenación e repintado na zona de Baltar para lograr un mellor aproveitamento. Na actualidade apárcase de forma moi desordenada o que reduce as posibilidades de estacionamento da zona.

En resumo, o PP propón a creación de **264** novas prazas de aparcamento no casco central de Portonovo. Máis as que se poidan crear entre a estrada de A Lanzada e Barbeito, así como na zona de Baltar.

A posta en marcha desta iniciativa contribuirá a dinamizar a actividade económica de Portonovo e permitirá que a vila mariñeira afronte en mellores condicións a temporada alta de turismo.







Por todo exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular de Sanxenxo eleva ao Pleno do Concello esta MOCIÓN SOBRE HABILITAR ZONA DE APARCAMENTO NA VILA DE PORTONOVO e:  
Instamos ao goberno a:

- 1º.- Habilitar como aparcamento público e gratuíto o solo de propiedade municipal especificado no corpo do presente escrito así como calquera outro que estea en desuso na vila de Portonovo.
- 2º.- Que por parte dos servizos xurídicos do Concello se estude de forma pormenorizada as posibles compensacións que poidan aplicarse para acadar acordos cos propietarios de solares baldeiros en Portonovo e habilitar ditos inmobilés como aparcamentos públicos e gratuítos (como puidera ser exencións no IBI, por exemplo).
- 3º.- Chegar a acordos cos propietarios citados no punto anterior. En Sanxenxo, a 24 de novembro de 2015.”

O Sr. Martín González xustificou a urxencia da moción porque os trámites son lentos cando hai que negociar con particulares, mesmo podéndose aproveitar o Nadal para falar cos propietarios que veñan a este concello por esas datas, engadindo que lle gustaría que este asunto puidese estar para semana santa.

O Sr. Alcalde manifestouse a favor da aprobación da urxencia, posto que este era un tema que preocupaba.

A continuación, ao non producirse mais intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.

O Sr. Martín González explicou que se trataba de dotar a Portonovo de 264 prazas de aparcadoiro, 189 en solo municipal céntrico e 75 en solares particulares, á parte da posibilidade do repintado da zona de Baltar, que permitiría conseguir mais prazas, podéndose aproveitar para pintar con dúas cores diferentes a zona de aparcadoiro e a do mercadillo.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, dixo que o anterior interveniente tan só explicou a moción por encima, porque non era seria, ao non traer a referencia catastral das parcelas nin o nome dos propietarios, lembrando que no seu día os gobernos anteriores licitaron un aparcamento de dúas plantas sen éxito e agora tráese esta moción que queda nunha permisividade, sen seguridade xurídica, mesmo falando de exencións, cando se trata de bonificacións, engadindo que este asunto require planificación dentro de criterios legais, non unha especie de pacto de cabaleiros.

O Sr. Martín González indicou que existían figuras xurídicas aplicables, como as opcións de compra e que as mocións expoñían unha idea que, se lle parecía ben ao grupo de goberno, debía desenvolverse despois, precisando tamén que na moción xa se falaba dunha bonificación do 95 por cento e que era unha moción en beneficio do comercio de Portonovo. O concelleiro en uso da palabra aludió a que cando foi Alcalde as mocións ían na orde do día e, en cambio, na sesión ordinaria anterior, non se aprobou a urxencia de ningunha das que presentaron.

O Sr. Otero Domínguez dixo que o anterior interveniente nin leu a moción e que non se pode traer unha proposta só co nome das parcelas e sen dicir os propietarios, engadindo que están traballando nunha proposta na que figurán os datos das parcelas, dos propietarios, con convenios e mesmo informes sectoriais.

O Sr. Alcalde destacou que nos 4 anos anteriores ningunha moción foi na orde do día e que esta era a primeira vez que non se lía unha moción por quen a propoña, o que quere dicir que ten moitas cousas cuestionables, engadindo que no pleno hai que aprobar mocións, non ideas e esta, nestes termos non pode aprobase.

A continuación, ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente someteu a votación a moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 8 (Grupo Municipal do Partido Popular).**

**Votos en contra: 9 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).**

**Votos pola Abstención: 0**

En consecuencia, non resultou aprobada a moción antes transcrita.

**2º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO SOBRE A LIMPEZA E DEPURACIÓN DA RÍA DE AROUSA (R. DE ENTRADA NÚMERO 12.381 DO 30/11/15). A Sra. González-Haba Pérez, voceira do Grupo Municipal Mixto, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:**

“Coral González-Haba Pérez, portavoz del Partido Socialista (PsdeG-PSOE) en el Concello de Sanxenxo, en base a los artículos 91.4 y 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales (Real Decreto 2568/1986) presenta ante el Pleno de la Corporación Municipal la siguiente

#### MOCIÓN

Desde hace varios años, el estado de la Ría de Arousa suscitó muchas dudas en cuanto a su estado, pero estas dudas fueron despejadas ante la presentación de un estudio publicado en el Microchemical Journal elaborado por investigadores de la Universidad de Vigo y del Instituto de Investigaciones Marinas del CSIC, en donde se informaba de que en esta ría existe una contaminación severa por cobre cerca de la desembocadura de los ríos Ulla y Umia y en el puerto de Villagarcía.

Además se detectó contaminación grave por arsénico frente al municipio de Cambados y una contaminación muy severa por plomo en el margen sur de la ría, en donde se encuentra nuestro Concello.

La Sociedad Gallega de Historia Natural (SGHN) se hace eco de esta noticia y sugiere que, al tratarse de una zona vitivinícola, el origen de esta contaminación podría estar en los tratamientos fungicidas y otros plaguicidas de los viñedos, aunque la contaminación por plomo es más difícil de explicar, ésta podría derivar de la quema de combustibles fósiles.

Además de las posibles repercusiones en las explotaciones pesqueras y marisqueras, y por consiguiente, de nuestra salud al alimentarnos de estos productos, la contaminación por cobre, arsénico y plomo afecta de manera determinante a 28 especies que invernán en nuestra ría.

Por su parte, aunque la Consellería do Mar destaca que los productos del mar llegan al consumidor por las vías legalmente establecidas y que cuenta con las garantías higienico-sanitarias para su consumo, es

innegable que la elevada presencia de materiales pesados en la ría de Arousa es la causante de muchas afecciones sanitarias de nuestros vecinos.

Además de los sedimentos que se encuentran en el agua, ésta desprende un olor muy desagradable.

Por todo ello, solicitamos al Pleno de la Corporación la adopción del siguiente

#### ACUERDO

1.-Instar a la Consellería do Mar, apoyándonos en el Grupo de Acción Costera al que pertenecemos desde hace tres meses, que proceda a la tan necesaria limpieza y depuración de la Ría de Arousa."

**A Sra. González-Haba Pérez** xustificou a urxencia da moción porque é un tema de contaminación grave.

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 9 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: 0**

**Votos pola Abstención: 8 (Grupo Municipal do Partido Popular).**

En consecuencia, **a moción resultou aprobada pola mayoría absoluta dos membros de derecho da Corporación, nos termos anteriormente transcritibidos.**-----

#### ROGOS

**1º O Sr. Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular,** negou que as mocións houbese que lelas, xa que o importante é o seu contido, non se se len ou non, engadindo que debía modificarse o Regulamento Orgánico sobre o tratamiento das mocións, adaptar a composición das comisións ao feito de que o único grupo da oposición sexa o maioritario con 8 membros e para permitir as intervencións da xente e se isto non o realizou antes o Partido Popular estaba mal feito, aguardando traer para o vindeiro pleno ordinario unha moción respecto diso.

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o **Sr. Presidente** dá por finalizada a sesión, sendo as vinte e unha horas e corenta e cinco minutos, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE**: